


## Construtivismo : Desviacións que non o son

### Métodos de lectura e escritura: o que se considera "desviación":

Poida que todos lembremos algún episodio de como algúns cativos **se empeñaban en escribir con maiúsculas**, poñendo o seu nome con aquelas letras tan pouco caligráficas, e nós culpando na influencia familiar, a pesar de que nos aseguraban por canto había que non...



Ou esas criaturas de tres e catro anos que fan **raias en zig-zag** no canto de pórse a debuxar...(e din que están escribindo)

Ou tamén a "manía" de **escribir as letras "ao revés", ou "en espello"**...(que nos fai pensar seriamente en chamar a un psicólogo)...

...E que dicir das **faltas de ortografía** que teñen eses rapaces e rapazas de 5 a 7 anos...(seguimos máis pendentes da forma que da mensaxe, de se está ben escrito que de se comunica)

**Investigar** o que ocorre cos cativos **fóra** do método, **observar** que din, que contan, que pasa polas súas mentes; **anotar** as impresións e comentarios que fan cando elaboran as súas **propias propostas** de lectura e escritura, todo isto queda completamente vedado e apartado da nosa visión, facendo de nós meros instrumentos, simples intermediarios das editoriais que publican os métodos e toda a parafernalia que os acompaña: cadernos de grafomotricidade, pautas, "libro do profesor", etc., convertíndonos, en suma nunha sorte de escravos modernos, atados a un programa e unhas pautas que "funcionaron sempre, así que.. ¿por que non van funcionar agora?".